



FACULTADE DE FILOLOXÍA
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Dialectoloxía Galega

Rosario Álvarez Blanco

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO
2011/2012

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTORES: Rosario Álvarez Blanco
Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

I. MATERIA

NOME: Dialectoloxía Galega

CÓDIGO: G5051222.

CARÁCTER: Obrigatoria, segundo curso do grao en lingua e literatura galegas.

CRÉDITOS: 6 créditos ECTS.

DURACIÓN: primeiro cuatrimestre, tres horas semanais.

II. PROFESORES

Rosario Álvarez Blanco. Catedrática da área Filoloxías Galega e Portuguesa. Encargada da materia. Docencia teórica, práctica e titorías personalizadas. rosario.alvarez@usc.es. Facultade de Filoloxía, despacho 107 / Instituto da Lingua Galega. Teléfono 881811789 / 881812810.

Rocío Dourado Fernández. Persoal en formación. Seminarios e clases prácticas. orvalhodourado@hotmail.com.

Horas de titorías: luns e martes 9-11 e 12-13.

III. OBXECTIVOS DA MATERIA

- ✓ Coñecer as variantes diatópicas do galego moderno e as áreas que ocupan, así como as variedades a que dan lugar.
- ✓ Comprender a dinámica lingüística interna de variación da lingua, con aproximacións á dialectoloxía histórica.
- ✓ Analizar o dominio duns trazos sobre outros e a súa incidencia sobre o cambio lingüístico.
- ✓ Iniciarse na investigación da variación diatópica.

IV. CONTIDOS

1. A dialectoloxía: conceptos básicos. Principais correntes e orientacións metodolóxicas. Breve panorámica histórica da dialectoloxía galega. Fontes para o estudo da dialectoloxía galega.
2. A xeografía lingüística. Cartografía lingüística: tipos de mapas; elaboración e interpretación de mapas; os atlas lingüísticos. Exposición e comentario dos mapas dos principais trazos fónicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos.
3. A dialectoloxía estrutural: conceptos básicos. Análise e explicación dalgúns dos trazos dialectais relevantes.
4. A dialectoloxía xenerativa: conceptos básicos. Análise e comentario dalgúns dos trazos dialectais relevantes.
5. A dialectometría. Aplicación á variación interna do galego contemporáneo.
6. Variación e cambio lingüísticos: conceptos básicos. Procesos e difusión dos cambios. A lingüística variacional.

7. Dialectoloxía histórica e dialectoloxía diacrónica: conceptos básicos e principios metodolóxicos. Recoñecemento e estudo de variantes dialectais noutras épocas do idioma.
8. Dialectoloxía e gramática histórica. O estudo da variación sincrónica como auxiliar da gramática histórica. Dialectoloxía e onomástica.
9. Dialectoloxía e lingua de autor. Selección de variantes dialectais no proceso de elaboración do estándar galego moderno.
10. As fronteiras lingüísticas. Os continua xeolectais. O límite oriental: galego fronte a astur-leonés. O límite meridional: galego fronte a portugués. Os límites interiores: variedades diatópicas do galego moderno.
11. Novas correntes e orientacións da dialectoloxía.

V. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA E COMPLEMENTARIA

A) Bibliografía básica

- Álvarez, R. / F. Dubert García / X. Sousa Fernández (eds.) (2002): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Álvarez, R. / F. Dubert García / X. Sousa Fernández (eds.) (2005): *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Chambers, J. K. / G. Trudgill (1994): *La dialectología*. Madrid: Visor.
- Fernández Rei, F. (1991²): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais [contén un amplo capítulo de bibliografía, moi completa e ben organizada].
- Santamarina, A. (1982): “Dialectoloxía galega: historia e resultados”, in R. Lorenzo / D. Kremer (eds.): *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do coloquio de Tréveris*. Santiago: Xunta de Galicia.
- Veny, Joan (1986): *Introducció a la dialectologia catalana*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana.

B) Fontes de datos

- Boullón Agrelo, A. I. / X. Sousa Fernández (coord.) (2011): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <<http://ilg.usc.es/cag/>>.
- Fernández Rei, Francisco (dir.) (2011): *Arquivo do galego oral*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <<http://ilg.usc.es/ago/>>.
- Fernández Rei, F. / C. Hermida Gulías (1996): *A nosa fala: bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- García Gondar, F. (dir.): *BILEGA. Bibliografía informatizada da lingua galega*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <<http://www.cirp.es/bdo/bil/>>.
- García, C. / A. Santamarina (drs.) (1990): *Atlas Lingüístico Galego. Volume I: Morfoloxía Verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.

- García, C. e A. Santamarina (drs.) (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II: Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- García, C. e A. Santamarina (drs.) (1999): *Atlas Lingüístico Galego. Volume III: Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- García, C. e A. Santamarina (drs.) (2003): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. IV: Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- García, C. e A. Santamarina (drs.) (2005): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. V: Léxico. O ser humano (I)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia [edición con CD-ROM / accesible en <<http://www.xunta.es/toponimia>>]
- Regueira Fernández, X. L. *et alii* (1996): *Guía bibliográfica da lingüística galega*. Vigo: Xerais.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2009b): “Os estudos de dialectoloxía galega desde 1967 á actualidade”, en Corral Díaz, Esther / Lydia Fontoira Suris / Eduardo Moscoso Mato (eds.) (2009): *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 573-584.
- Santamarina, A. (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios. Versión 3*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- Santamarina, Antón (dir.): *TILG. Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <<http://www.ti.usc.es/tilg/>>.
- Varela Barreiro, Xavier (dir.): *TMILG. Tesouro medieval informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <<http://ilg.usc.es/tmilg/>>.

VI. COMPETENCIAS

- ✓ Busca e contraste de información, manexando fontes tradicionais na disciplina (atlas, artigos, monografías...) e novos produtos e soportes (CD, internet, etc.).
- ✓ Estimulación intelectual: relacionar datos de distintas fontes, emitir e comprobar hipóteses, extraer conclusións contrastables.
- ✓ Comunicación e cooperación interpersoal. Traballo en equipo, con asunción de responsabilidades individuais e colectivas.
- ✓ Familiarización con métodos e programas para o deseño de cadros, gráficos e mapas.
- ✓ Redacción de traballos e informes científicos.

VII. METODOLOXÍA DA ENSINANZA

A exposición apóiase sempre en casos prácticos, con exemplos, gráficos, análises, mapas, etc. de produción propia ou tirados da xa notable produción científica no ámbito da dialectoloxía galega. Esta orientación esixe que o alumno non sexa un receptor pasivo. Na aula de clase ofrécese abundante material ou a orientación de onde

localizalo; ademais, úsase a xeito de manual a *Dialectoloxía da lingua galega* de F. Fernández Rei.

As dúas horas semanais expositivas, que combinan teoría e casos prácticos, van acompañando un programa de clases prácticas presenciais. Todas as prácticas deseñadas teñen relación directa co desenvolvemento do programa nesa altura, mais tamén gardan relación cos traballos de pescuda que deben realizar os alumnos.

O traballo non presencial dos alumnos ten dúas orientacións, ambas obrigadas: (a) as lecturas prescritas, das que debe render conta no momento e tipo de proba deseñada ao efecto en cada caso; (b) os traballos de iniciación tutelada á investigación, realizados ao longo do período lectivo. O desenvolvemento do traballo ten controis periódicos, para garantir e facer efectiva a tutela.

Para o curso 2011-2012 prográmanse dous traballos de iniciación á investigación. Un deles parte da obtención información dialectal de obras publicadas, bases de datos, corpora lingüísticos e repertorios varios, todos eles fontes que non sempre están concibidas no ámbito estrito da dialectoloxía (TILG, TMILG, Nomenclátor, DdD, etc.). O outro consiste na planificación e realización en todas as fases dun traballo de xeografía lingüística, colectivo, e na análise dos datos de campo recollidos e cartografados.

VIII. SISTEMA DE AVALIACIÓN E APRENDIZAXE

A avaliación è, por principio, continua. Para ser avaliados por este procedemento, os estudantes están obrigados a asistir de maneira regular ás clases expositivas e de seminario (asistencia controlada: máximo 6 faltas non xustificadas). Séguese o reparto seguinte:

1. Rendemento continuo individual na aula de clase, en calquera das súas modalidades (10%).
2. Control das lecturas marcadas e doutras encargas puntuais para o uso na aula (10%).
3. Comentarios de textos dialectais (15%).
4. Traballos de iniciación á investigación (25%).
5. Probas escritas, en data anunciada previamente (40%).

Os alumnos que non poidan asistir ás clases ou que rompan a continuidade de asistencia poden realizar o exame final, en xullo, onde renderán tamén conta das lecturas programadas (75%); os traballos de iniciación á investigación supoñen o 25% restante.

As probas e traballos realízanse en galego. En todos eles se terán en conta non só os contidos, senón tamén a adecuación e corrección lingüísticas e a presentación consonte as convencións científicas de uso normal neste campo do saber.

IX. TEMPO DE ESTUDOS E DE TRABALLO PERSOAL

A materia consta de 6 créditos ECTS, que equivalen a un total de 150 horas que cada alumno debe dedicar ao seu seguimento e estudo, dentro e fóra da aula. A distribución das horas de actividade presencial e non presencial desta materia faise conforme se indica no cadro seguinte:

Actividades formativas co seu contido en horas para os alumnos			
Actividades presenciais	Horas	Actividades non presenciais	Horas
Sesións expositivas	30	Estudo e preparación de actividades programadas na clase	50
Sesións de seminario e outras prácticas	15	Realización de traballos de diverso tipo	25
Sesións de titoría programadas	2	Lecturas	15
Sesións de avaliación	3	Preparación de exames	10
Total de horas de actividade presencial	50	Total de horas non presenciais	100

X. CALENDARIO PREVISTO PARA AS ACTIVIDADES PRESENCIAIS

Calendario	Sesións expositivas	Seminarios
SETEMBRO	A dialectoloxía: conceptos básicos. Historia da dialectoloxía galega. Principais correntes e orientacións metodolóxicas: a xeografía lingüística. Cartografía lingüística: tipos de mapas; elaboración e interpretación de mapas. Os atlas lingüísticos. Exposición e comentario dos mapas dalgúns fenómenos fonéticos e gramaticais relevantes.	Manexo de fontes para o estudo da dialectoloxía galega. Familiarización e práctica con atlas lingüísticos. Interpretación e comentario de mapas dialectais. Iniciación no comentario de textos dialectais.
OUTUBRO	Exposición e comentario dalgúns mapas léxicos. As áreas léxicas. Difusión e cambio lingüístico no léxico. Exposición e comentario de mapas con outros fenómenos gramaticais (sintácticos en sentido amplo). A dialectoloxía estrutural: conceptos básicos. Aplicación a algúns fenómenos fonéticos relevantes. A dialectoloxía xenerativa: conceptos básicos. Aplicación a algúns fenómenos	Fontes para o estudo da dialectoloxía galega. Fases iniciais do traballo de xeografía lingüística. Elaboración dun cuestionario para o traballo de campo. Elaboración e interpretación de cadros e esquemas que dean conta das correspondencias entre variantes diatópicas.

	<p>morfolóxicos relevantes.</p> <p>A dialectometría. Presentación e análise sobre resultados galegos.</p>	<p>Comentario dialectal de textos espontáneos de procedencia oral.</p>
NOVEMBRO	<p>Dialectoloxía histórica e dialectoloxía diacrónica: conceptos básicos e principios metodolóxicos.</p> <p>Recoñecemento e estudo de variantes dialectais noutras épocas do idioma.</p> <p>As fronteiras lingüísticas. Os continua xeolectais. O límite oriental: galego fronte a astur-leonés. O límite meridional: galego fronte a portugués.</p> <p>Dialectoloxía e lingua de autor. A selección de variantes dialectais no proceso de elaboración do estándar galego moderno.</p> <p>Variación e cambio lingüísticos: conceptos básicos. Procesos e difusión dos cambios.</p>	<p>Fontes complementarias da dialectoloxía galega.</p> <p>Comentario dialectal de textos de procedencia oral.</p> <p>Análise de datos dialectais a partir de textos.</p> <p>Comentario dialectal dun texto literario.</p> <p>Práctica de dialectoloxía histórica a partir de TILG.</p> <p>Resolución de casos prácticos</p>
DECEMBRO	<p>Dialectoloxía e gramática histórica. O estudo dialectolóxico sincrónico do galego como auxiliar da gramática histórica.</p> <p>Dialectoloxía e onomástica.</p> <p>Os límites interiores: variedades diatópicas do galego moderno.</p>	<p>Fontes complementarias da dialectoloxía galega.</p> <p>Comentario dialectal de textos de procedencia oral.</p> <p>Práctica de dialectoloxía histórica a partir de TMILG.</p>
XANEIRO	<p>Novas correntes e orientacións da dialectoloxía.</p>	<p>Práctica de dialectoloxía histórica a partir de datos toponímicos.</p> <p>Conclusións do traballo de campo.</p>

XI. RECOMENDACIÓNS PARA O ESTUDO DA MATERIA

Os estudantes deben esforzarse por activar todos os coñecementos adquiridos noutras disciplinas lingüísticas: gramática sincrónica e diacrónica, historia da lingua, historia da literatura, estandarización, sociolingüística... Cómpre, ademais, que se esforcen en relacionar os datos lingüísticos co territorio (físico, humano. administrativo...), polo que deben adquirir ese coñecemento complementario ou dotarse de obras de referencia (de forma fundamental, un atlas ou un bo mapa de Galicia).